



DOCUMENTACION
2º TRIMESTRE



BONECOS DE NEVE



PINTAMOS COAS CORES DO INVERNO



ACTIVIDADES LIM

TRABALLO DE AULA



PINTURA SOPRADA



ROBÓTICA



LIBRO MOBIL DOS NÚMEROS

PROPOSTAS DIARIAS

Como ben sabedes, tódalas mañás adicamos a primeira sesión a facer propostas nas que traballamos aspectos coma a motricidade fina, aspectos de lóxica matemática como a grafía, asociación número cantidade, seriación, ordenación de secuencias, correspondencia cantidade-grafía... Ademais traballamos o achegamento a lectoescritura identificando letras, facendo a grafía...





Outras propostas traballan aspectos de arte dando a posibilidade os nenos de facer as súas propias creacións para o que empregamos a caixa de luz. Outro elemento motivador é a mesa de trasvases onde traballamos con diferentes materiais e distintos envases favorendo así a concentración e o desenvolvemento da pinza.



30 de Xaneiro, día da paz



Comezados escoitando o conto de "Wangari e as árbores da paz", para seguir falando de que podemos facer nós pola paz.

Como actividade final creamos as nosas árbores da paz usando as nosas mans e brazos e escribindo palabras que relacionamos coa paz



Neste trimestre o PDI das mulleres foi encamiñado o deporte e centrámonos nos xogos olímpicos. Descubrimos o lugar onde se van celebrar, as súas mascotas, o seu baile oficial, os diferentes deportes e centrámonos na natación, preparamos os complementos para o entroido, xogamos a descubrir deportes... Ademais coñecemos a dous nadadores galegos : María Vilas e Marcos García

ENTROIDO



Comezamos a semana
cos mandados de
Rabuiñoso e o luns
tivemos que levar algo
no pescozo



Continuamos a semana
con algo pintado na cara



E para variar un pouco a
profe púxonos ben
guapos



O mércores puidemos
elixir o disfraz



Para rematar a semana
disfrazámonos de
nadadores olímpicos



Levamos para casa os
antifaces que fixemos
coas mans



E recibimos a visita de
carapuchiña vermella e
o lobo feroz

Plantamos Bulbos



Comezamos vaciando as xardineiras para botar terra nova. plantamos bulbos de Narcisos, Xacintos e Tulipáns. Para que poidan crecer regámolas con cariño. Rematamos as tarefas recollendo o proceso nunha ficha técnica

A HORTA



É tempo de comezar
coa horta, polo que
empezamos prantando
leitugas, tomates,
pementos, fresóns e
brocoli

SEMANA DA PRENSA



1. Instalación con papel de xornal e cartóns
2. Composición libre con formas xeométricas de xornais
3. Papiroflexia (can de papel de xornal)
4. Observamos, manipulamos e conversamos sobre as noticias





¡Grazas!

Moito ánimo para tódalas familias, e sobre todo para os mais cativos que se estan a comportar como uns verdadeiros heroes, a miña admiración para aqueles pais/nais que seguen a traballar para que aos demais non nos falte de nada.

TUDO VAI SAIR BEN

